



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net



COMPENSACION EXPLOTACIONES DE GANDO E AXUDA PARA A COMPRA DE GANDO POR SACRIFICIO EN ACTUACION S OFICIAIS

DOG 43 do 04/03/2014 Orden 21/2/2014. C. do Medio Rural.

DATA REMATE: 30/11/2014

Contía da Subvención:

Segundo baremo ou prezo oficial do Ministerio de Agricultura

Beneficiarios:

titulares con explotacións correctamente rexistradas en Galicia:

- a) Os titulares dos animais que se sacrifiquen ou morran por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose, brucelose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.
- b) Os titulares dos animais e os seus produtos de calquera especie sacrificados/mortos e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.
- c) Os titulares das aves reprodutoras ou poñedoras da especie Gallus gallus e reprodutoras da especie Meleagris gallopavo sacrificadas por orde da autoridade por salmonela.
- d) Os titulares das aves sacrificadas, por mor da declaración oficial dun foco de influenza aviaria ou de enfermidade de Newcastle.
- e) Os titulares de porcos sacrificados por mor da declaración oficial dun foco de peste porcina clásica ou de peste porcina africana.
- f) Os titulares dos animais que se sacrifiquen por resolución da autoridade competente en materia de sanidade animal, afectados por enfermidades distintas das sometidas a programas sanitarios oficiais.
- g) Os demais supostos recollidos na Lei de sanidade animal e na normativa estatal e da Unión Europea de desenvolvemento dos programas e de actuacións sanitarias de loita, vixilancia, control e erradicación de cada enfermidade e, en concreto, os titulares de explotacións en que morran animais por causa directa das actuacións, tratamentos e manipulacións dos animais realizados no marco de programas e actuacións sanitarias oficiais.

2. Poderán ser beneficiarios das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante os titulares das explotacións bovinas, ovinas e cabrúas correctamente rexistradas en Galicia, en que se sacrificase ou destruíse de forma preventiva a totalidade do seu censo, por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza



dalgunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas para a compra de animais os titulares de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas correctamente rexistradas en Galicia, en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de animais existentes nelas, e como consecuencia do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, así como os titulares daquelas explotacións onde morresen ou se practicase a eutanasia de animais das ditas especies, por mor dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

4. Os solicitantes das axudas previstas nas seccións 2ª, 3ª e 4ª do capítulo II desta orde, para seren beneficiarios delas deberán ter a condición de peme, de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

Requisitos Beneficiarios:

Para poderen ter dereito ás indemnizacións e ás axudas reguladas nesta orde é imprescindible que os titulares/solicitantes e as súas explotacións gandeiras cumpran de forma estrita a normativa en vigor sobre sanidade animal, identificación, movemento, rexistro de explotacións (REGA e Reaga), benestar animal, e a dos programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades animais.

Para que os titulares poidan ser beneficiarios das indemnizacións, será necesario que:

a) Leven a cabo o sacrificio obrigatorio de todos os animais incluídos na resolución de sacrificio ou de baleiro sanitario que corresponda.

B) Presenten a documentación seguinte, segundo a enfermidade de que se trate e cumprindo as instrucións das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar:

3. Para as axudas de compra de animais bovinos, ovinos e cabrúns destinados á reposición, a autoridade competente comprobará, ademais, que se cumpren os seguintes requisitos:

a) En todos os casos, ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade, e que foron diagnosticados positivos ou sospeitosos.

B) Ter efectuado previamente antes da reposición dos animais limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

C) Cumprir a normativa establecida na Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para o desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa.

D) En canto aos animais adquiridos polos que se solicita axuda, os da especie bovina procederán de explotacións con cualificación sanitaria T3 e B4 e libres de encefalopatías esponxiformes transmisibles, e os das especies ovina e cabrúa de explotacións con cualificación sanitaria M4 e tamén libres de EET.

E) Unicamente se subvencionará a reposición efectuada con animais para manter na explotación un nivel de produción similar ao existente con anterioridade ao sacrificio.

Conceptos Subvencionables:



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net



- a) As indemnizacións, para as distintas especies animais, a que teñen dereito os titulares rexistrados en Galicia, realizadas no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.
- b) As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación de gando bovino, ovino e cabrún, rexistrada en Galicia, por motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levadas a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.
- c) As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras a realización do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de morte dos animais desas especies producidos nestes marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais a consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.